



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. de CAIÓN (15007655)
A Insua s/n, 15145 CAIÓN (A Coruña)
Tfno. e Fax: 981604023

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN- MARCO LEGAL**
- 2. ESTUDO E ANALISE DO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?**
 - 2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.
 - 2.2. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS.
 - 2.3. CENTROS ADSCRITOS.
 - 2.4. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA.
 - 2.5. PERSOAL DOCENTE E PERSOAL DE CONSERXARÍA E LIMPEZA.
- 3. TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. SINAIS DE IDENTIDADE.**
 - 3.1. CONFESIONALIDADE.
 - 3.2. VALORES DEMOCRÁTICOS E PLURALISMO.
 - 3.3. COEDUCACIÓN.
 - 3.4. LIÑA METODOLÓXICA.
 - 3.5. LINGUA DE APRENDIZAXE.
- 4. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS E FINS.**
- 5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA**
 - 5.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS.
 - 5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.
 - 5.2.1. CONSELLO ESCOLAR.
 - 5.2.2. CLAUSTRO
 - 5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
 - 5.3.1. EQUIPO DE CICLO.
 - 5.3.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.



5.3.3. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

5.3.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

5.3.5. TITORÍAS.

5.4. CADRO ORGANIZATIVO DO CENTRO.

5.5. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.

5.6. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN.

5.6.1. BIBLIOTECA-LUDOTECA.

5.6.2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. (TIC).

6. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC

7. ANEXOS

7.1. REGULAMENTO DE REXIME INTERNO (plan de convivencia)

7.2. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

7.3. PROXECTO LINGÜÍSTICO

7.4. PROXECTO LECTOR.

7.5. PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS
TECNOLOXÍAS NO ENSINO.

7.6. PLAN DE ADAPTACIÓN EN INFANTIL.

7.7. PLAN DE ORIENTACIÓN.

7.8. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.



1. INTRODUCCIÓN -MARCO LEGAL

No decreto 374/1996 do 17 de outubro, onde se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria, establece que estes centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro

Na elaboración deste Proxecto Educativo de Centro (PEC) trátase de establecer uns criterios e principios que permitan orientar o desenvolvemento de todas as accións que se realicen no centro, para garantir a coherencia e a eficacia e favorecer a ensinanza de calidade, ao tempo que serven de referencia para lexitimar ou non as accións tanto individuais como colectivas de tódolos membros e estamentos da Comunidade Escolar.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que aparecerán como anexo.

2. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?

2.1. DATOS SIGNIFICATIVOS DO CENTRO

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Caión, está situado en Caión, localidade pertencente ao Concello da Laracha.

Datos xerais do Centro:

Código da localidade: 15145

Código do centro: 15007655

C.I.F.: Q6555646F

Teléfono: 981604023

Fax: 981604023

e-mail: ceip.caion@edu.xunta.es

paxina web: www.edu.xunta.es/centros/ceipcaion



2.2. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS.

É un centro creado no ano 1991, as instalacións están bastante novas, a excepción do peche do centro, que debido á proximidade do mar está bastante deteriorado, algo que vimos reclamando hai anos ao Departamento Territorial e agardamos que se estuden as posibles solucións.

En canto á dotación do centro ten moitas deficiencias á nivel tecnolóxico e de materiais audiovisuais. Procedemos á solicitude das mesmas e parece ser que pouco a pouco se nos van solucionando.

O edificio consta de:

- Tres aulas correspondentes a cada titoría.
- Biblioteca, Ludoteca, Ximnasio con vestuarios e duchas, aula de plástica, de laboratorio, de música, de inglés, relixión, informática, Sala de Profesores, Dirección, Conserxería, servicios para alumnos e profesores e un ascensor (en desuso, por non ter ningún caso especial que necesite del).
- O patio está pechado, pero mal distribuído, con moitos recunchos e recovecos, o que fai un pouco dificultosa a súa vixilancia.
- Hai unha pista con cancha de baloncesto e porterías de fútbol, non sendo as medidas reglamentarias.
- O patio cuberto é un pequeno porche a un lateral e diante da escola.
- Tamén hai un pequeno parque para os máis pequenos

2.3. CENTROS ADSCRITOS.

O CEIP de Caión está adscrito ao IES Agra de Leborís.



2.4. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA.

O horario do centro é de xornada única, de 9:30 ata as 14:30 horas de luns a venres e de setembro a xuño para a Educación Infantil e Primaria.

De luns a xoves, entre as 16 e 18 horas, o centro está aberto coa presenza dun profesor na biblioteca.

Para os alumnos/as que se incorporan ao centro en 4º de Educación Infantil, dado as especiais características deste alumnado haberá un período de adaptación que abranguerá o establecido na lexislación vixente agás cando a incorporación de alumnado con circunstancias especiais recomende a ampliación do prazo, caso que quedará recollido no Plan de Acollida.

En canto a oferta educativa contamos con 3 unidades: 1 de Educación Infantil e 2 de Educación Primaria.

2.5. PERSOAL DOCENTE E PERSOAL DE CONSERXARÍA E LIMPEZA

2.5.1. PERSOAL DOCENTE

Os postos de persoal docente no centro por especialidades son:

- Ensino Infantil: 1
- Educación Musical: 1
- Filoloxía Inglesa: 1
- Educación Física: 1

Ademais contamos cunha profesora de relixión católica , compartida co CEIP Alfredo Brañas e as unitarias de Comiáns (Montemaior) e o CEIP A Revoltiña. Asemade, estamos adscritos ao departamento de orientación do CEIP. Alfredo Brañas, orientadora que nos visita no centro cada 15 días.



2.5.2. PERSOAL DE LIMPEZA E CONSERXERÍA

O Concello ten contratada unha traballadora, que fai as funcións de limpeza e conserxaría.

As funcións e tarefas que realiza son:

- Limpeza do Centro e do recinto escolar.
- Apertura, fecho e iluminación do recinto.
- Toque de sirea para entradas, saídas e recreos.
- Atención do teléfono e persoas que chegan ao Centro nos instantes en que non se ache ninguén nas dependencias da Secretaría ou Dirección.
- Atención ao profesorado e alumnado: fotocopias,
- Mantemento das instalacións.
- Encender e apagar a calefacción.

A directora facilitará e porá as medidas que foren da súa competencia para que poda levar a cabo a realización das súas tarefas e o persoal docente colaborará con ela solicitando con anterioridade as fotocopias, procurando que os seus alumnos/as manteñan hábitos de limpeza e coidado do edificio

3. TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. SINAIS DE IDENTIDADE.

3.1. CONFESIONALIDADE

Como Centro de Titularidade Pública, non ten carácter confesional e é ideoloxicamente pluralista tanto en aspectos políticos como relixioso.

Ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Garantirase o dereito dos pais/nais a que, segundo as súas convicións, reciba ou non ensinanza relixiosa.

3.2. VALORES DEMOCRÁTICOS E PLURALISMO.

Acéptanse como propios os valores que toda escola debe transmitir ao alumnado e que son propios dunha sociedade democrática como:

- Respecto aos demais e a un mesmo.
- Respecto ao entorno natural e material (natureza e instalacións).



- Fomento da solidariedade, axuda, colaboración, participación e xenerosidade.
- Responsabilidade, ser consecuente coas obrigas e as accións de cada un, cumprindo cos acordos e decisións da maioría.
- Respetar as opinións e os sentimentos dos compañeiros, sabendo valorar á diversidade.
- Incentivar a súa participación na mellora da Comunidade Educativa e da sociedade en xeral.

3.3. COEDUCACIÓN

Eliminación de actitudes de discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc,...

3.4. LIÑA METODOLÓXICA

Tentarase sempre desenvolver unha metodoloxía activa, no que o alumnado aprenda actuando, observando, participando, facendo, ... onde a comunicación e o traballo se converta na base da súa formación e da adquisición de aprendizaxes coas que acadar as competencias básicas segundo o grao de madurez.

A biblioteca do Centro será un recurso dinámico que favorecerá á construción do coñecemento e un estímulo enriquecedor de actividades da aula e do Centro. Será unha ferramenta que funcionará como eixe central de unión e de participación de todo o profesorado participando en proxectos comúns e dinamizando diferentes actividades incluíndo tanto complementarias como extraescolares.

O Centro tamén aposta pola actualización dos seus recursos, en especial TIC, como ferramenta integradora do coñecemento e formadoras que demandan o noso tempo.

A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que é preciso fomentala e promovela.

Apostamos por unha escola aberta, integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais/nais, ANPA, organismos culturais, Concello, centros do contorno,...) tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos oferten estes medios.



3.5. LINGUA DE APRENDIZAXE.

Todos os procedementos a aplicar están recollidos, no Proxecto Lingüístico do Centro.

4. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS E FINS:

1. PROGRESAR NA CONSECUCIÓN DUNHA EDUCACIÓN INTEGRAL DOS ALUMNOS/AS DO CENTRO, PARTINDO DOS PRINCIPIOS DE CONVIVENCIA PACÍFICA E RESPECTO MUTUO ENTRE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

1.1. Fomentar a participación do profesorado, alumnado e familias en todo o que ten que ver coa vida do centro.

1.2. Favorecer un clima apropiado para que todo o noso alumnado veña en boa disposición para acadar os mellores resultados.

1.3. Organizar a secuencia de obxectivos e contidos segundo o nivel madurativo, actitudes e intereses do alumnado.

1.4. Favorecer o plantexamento de actividades pedagóxicas e de lecer dende o claustro de mestres e o consello escolar.

1.5. Dialogar para consensuar aspectos relacionados coa educación do alumnado no referente a melloras, saídas, actividades extraescolares, ...

1.6. Ensinar a aplicar todos os coñecementos adquiridos na resolución de problemas que se lle poidan plantexar.

1.7. Planificar as necesidades en canto a convivencia.

1.8. Potenciar o compromiso cos valores máis ligados á relación entre as persoas: defensa da paz, dereitos humanos, etc.

1.9. Fortalecer o sentido crítico aplicando os valores de convivencia democrática.

2. CONTINUAR CO DESENVOLVEMENTO DA LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN.

2.1. Revisar todos os documentos organizativos do Centro, adaptándoos aos diferentes cambios lexislativos,(PEC, Plan de Convivencia, RRI, Proxecto Lingüístico, ...)



3. OPTIMIZAR OS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS AO ALCANCE DO CENTRO.

- 3.1.** Dar a coñecer á Comunidade Escolar os recursos humanos e materiais dos que dispón o centro.
- 3.2.** Utilizar os espazos e recursos cun carácter multifuncional, rentabilizándoos ao máximo.
- 3.3.** Coidar e solicitar a mellora de recursos e instalacións cos que conta o centro.

4. PLANIFICAR A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

- 4.1.** Diseñar medidas de apoio educativo, para alumnos con necesidades educativas.
- 4.2.** Potenciar hábitos de conduta positivos, educando na tolerancia, no respecto ás opinións dos outros e á diversidade e fomentando actitudes de solidariedade e defensa da paz e a non violencia, facendo fincapé na igualdade entre sexos.
- 4.3.** Fomentar o sentimento de aceptación dos demais tal e como son, coas súas virtudes e os seus defectos.

5. CREAR UN PLAN DE MELLORA DOS HÁBITOS LECTORES.

- 5.1.** Continuar coa “hora de ler”.
- 5.2.** Seguir co funcionamento das mochilas viaxeiras.
- 5.3.** Continuar co empréstimo das bibliotecas municipais, como dotación para a biblioteca de aula.
- 5.4.** Fomentar a visita á biblioteca escolar dentro e fóra da xornada lectiva.
- 5.5.** Aumentar os recursos da biblioteca escolar, sempre en función das necesidades e presuposto do centro.
- 5.6.** Continuar realizando proxectos de biblioteca escolar, onde se desenvolvan actividades para o alumnado en horario lectivo ou non lectivo.

6. DAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS UNHA IMPORTANCIA FUNDAMENTAL, UTILIZANDOAS EN TODOS OS APARTADOS DA VIDA DO CENTRO.



- 6.1.** Favorecer a utilización das novas tecnoloxías por parte de toda a comunidade educativa.
- 6.2.** Potenciar no alumnado o uso dos equipos informáticos do centro, analizando as vantaxes e inconvenientes que a súa utilización pode presentar.
- 6.3.** Utilizar as novas tecnoloxías para administrar o centro: Programa Xade.
- 6.4.** Administrar a Biblioteca: Programa Meiga.
- 6.5.** Renovar a páxina web.
- 7.** POSIBILITAR UNHA ESTREITA COLABORACIÓN COAS FAMILIAS, COA ANPA, CO CONCELLO E OUTRAS ENTIDADES QUE PUNTUALMENTE SE NECESITAN.
 - 7.1.** Colaborar cos pais/nais do alumnado e mestre na atención das necesidades do alumnado para conseguir que todo o noso alumnado veña en boa disposición para acadar os mellores resultados.
 - 7.2.** Impulsar a información e comunicación entre o Equipo Directivo e a ANPA.
 - 7.3.** Favorecer a relación con todos os estamentos públicos cara o establecemento de acordos e convenios na busca da consecución de melloras para o centro.
 - 7.4.** Favorecer as relacións con outros organismos cara a participación en actividades complementarias, eventos e realización de actividades no propio Centro.
- 8.** DESENVOLVER EXPERIENCIAS AFECTIVAS, SOCIAIS E COGNITIVAS QUE CAPACITEN AO ALUMNADO PARA IDENTIFICARSE COA CULTURA GALEGA.
 - 8.1.** Participar en proxectos que fomenten o uso do galego.
 - 8.2.** Organizar actividades que sirvan como eixe para coñecer o seu entorno., ou bagaxe sociocultural, a súa realidade galega.
- 9.** CONSOLIDARSE NUN EQUIPO DE TRABALLO QUE BUSQUE A ACTUALIZACIÓN E A FORMACIÓN PERMANENTE PARA ENRIQUECER A NOSA PRÁCTICA EDUCATIVA.
 - 9.1.** Fomentar o traballo en grupo do profesorado que axude a resolver e atopar as respostas aos interrogantes cotiás.



9.2. Potenciar a coordinación do profesorado para un mellor aproveitamento de todos os recursos.

9.3. Enriquecer a dinámica do centro a través da formación do profesorado e do establecemento de canles de comunicación co CEFORE e outros servizos educativos.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Baseada no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, **Decreto 374/1996, do 17 de Outubro e a Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educaión e Ordenación Universitaria.

5.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

O equipo de directivo é o órgano executivo de goberno e está integrado polo director que ten as funcións do xefe de estudio e o secretario.

Ao comezo de curso elaborase o horario para a realización das súas funcións que queda reflectido na PXA.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.

5.2.1. CONSELLO ESCOLAR.

É o órgano no que os diferentes sectores da Comunidade Escolar, a través dos seus representantes, participan na xestión do Centro.

A súa función e funcionamento están establecidas no Regulamento de Centros de Educación Infantil e Primaria.

Está formado por:

- a) Polo director/a que actuará como presidente/a.
- b) Por 2 mestres/as do colexio. Un deles nomeado polo director/a funcionará como secretario con voz e voto.



- c) 2 representantes de pais/nais, un deles asignado pola ANPA.
- d) Representante do Concello.

O Consello reunirse sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. As reunións faranse intentando que todos os membros poidan asistir. A directora do centro remitiralle, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os temas que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.

As decisións do pleno adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente.

Dentro do C.E. crearase unha comisión económica que revisará as contas do centro.

As normas de funcionamento estarán recollidas no R.R.I.

5.2.2. CLAUSTRO

É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos docentes. Está integrado pola totalidade do profesorado que presta servizo nel e será presidido polo director/a. As súas competencias específicas veñen recollidas no Regulamento Orgánico de Centros. Reunirse preceptivamente en sesión ordinaria ao comezo de curso ao seu remate, unha vez ao trimestre, como mínimo.

Todos os primeiros mércores de mes en horario non lectivo (horario de permanencia) reunirámonos para tratar temas organizativos do centro.

Os seus acordos tomaranse por consenso ou, segundo necesidade, por maioría absoluta.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

5.3.1. EQUIPO DE CICLO.



É un órgano de coordinación docente e as súas funcións e as funcións así como as competencias do coordinador/a, veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro .

Os ciclos estarán formados polo profesorado que imparte docencia no mesmo.

Reunirase cunha periodicidade mensual, e as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado que imparte docencia no ciclo.

5.3.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Debido ao número de unidades do Colexio e como ven recollido na **Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, (artigo 65.2)** nos centros de tres, catro ou cinco unidades será coordinador o director/a do centro. Pertence a este equipo todo o Claustro e ten como obxectivo fundamental potenciar o uso da lingua galega.

Terá reunións mensuais.

5.3.3. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Pola mesma circunstancia que o equipo de dinamización e normalización lingüística, o coordinador é a directora do centro e pertencerán todo o claustro ao mesmo. **(decreto 374/1996, do 17 de outubro, artigo 72.3)**

As actividades complementarias e extraescolares serán decididas de forma consensuada .

Para poder levarse a cabo as actividades extraescolares terán que contar coas seguintes premisas:

- Estar autorizadas polo Consello Escolar.
- Estar autorizadas polos pais/nais dos alumnos/as.



5.3.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O centro está adscrito ao Departamento de Orientación do C.E.I.P Alfredo Brañas de Paiosaco, e a orientadora, acude ao noso colexio unha vez cada quince días.

Cada curso realiza un plan de orientación que é incluído na PXA.

5.3.5. TITORÍAS.

O centro conta contres titorías. O titor terá en conta nas súas funcións o Plan de Acción Titorial realizado no centro.

Na adscrición que se realiza no primeiro claustro tense en conta criterios pedagóxicos , primando o beneficio dos alumnos/as, asemade da antigüidade do profesor do centro e especialidades.

5.4. CADRO ORGANIZATIVO DO CENTRO.

Cadro polo que se canalizará todo o funcionamento do curso escolar. Quedará reflectido na PXA e será exposto no taboleiro da sa de profesores:

- Adscrición funcional de tódolos mestres, titorías e especialidades.
- Composición dos equipos de Dinamización.
- Os cargos dos diferentes equipos.
- O calendario do curso.
- A distribución horaria.
- As quendas de garda de biblioteca e ludoteca.
- As quendas de garda de lecer e de transporte.
- A permanencia no centro.

5.5. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado dispórase segundo as etapas educativas Educación Infantil e Educación Primaria que conforman a oferta educativa do centro.



O alumnado de Educación Infantil ocupará a aula da planta baixa e os de Educación Primaria no primeiro andar, na marxe dereita.

A distribución das aulas decidirase no primeiro claustro do curso.

Os grupos poden utilizar outros espazos: biblioteca, ludoteca, laboratorio, ... pero sempre coa atención dun mestre.

5.6. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN.

5.6.1. BIBLIOTECA-LUDOTECA.

Crearase un grupo de biblioteca que desenvolverá un proxecto que servirá para desenvolver actividades tanto dentro do horario lectivo como non lectivo, en horario de permanencia e garda de luns a xoves de 16:00 horas ata 18:00 horas. As actividades desenvolvidas en cada curso escolar aparecerán na PXA.

Realizará un proxecto que desenvolvera o proxecto lector do centro e contará con un responsable, elexido no claustro de principio de curso.

5.6.2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. (TIC).

Estará formado por un grupo de profesores e un responsable que será designado durante o primeiro claustro do curso escolar, e velará polo funcionamento do Proxecto de Innovación educativa para a aplicación das novas tecnoloxías no ensino. As actividades que hai que realizar aparecerán reflectidas na PXA.



6. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC

O seguimento e avaliación deste PEC realizarase anualmente a través da memoria do curso. Nesa memoria faranse constar suxestións relativas ao PEC coa intención de actualizalo ou melloralo.